

CORPS SONORE: DANZA CONTEMPORÁNEA + LAND ART + SITE SPECIFIC + ESCULTURA SONORA

# CORPS SONORE

Un espectáculo SÓLIDOS + NEUF PORTES + CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO + AGADIC + XUNTA DE GALICIA

## Parque Botánico Montealegre

Vén a disfrutar da música, a danza e a natureza

Todo nun mesmo espectáculo

Poderás facer a túa propia música

[www.solodos.es](http://www.solodos.es)

Baila: **Erick Jiménez**

Escultor sonoro: **Will Menter**

Percusión: **François Merville**

Espazo escénico: **Jane Norbury**



Coproducción

SÓLIDOS!

association  
neuf portes

centro  
coreográfico  
galego

AGADIC

Agencia Galega das  
Industrias Culturais

XUNTA  
DE GALICIA

Colaboran

Galicia  
danza

AUDITORIO  
MUNICIPAL  
DE OURENSE

Concello de  
OURENSE

Coproducción SÓLIDOS + NEUF PORTES + CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO - AGADIC - XUNTA DE GALICIA  
[www.solodos.es](http://www.solodos.es) | [info@solodos.es](mailto:info@solodos.es)

## **Corps Sonore**

CORP SONORE é unha obra de danza contemporánea concebida dentro da corrente artística LAND ART.

O corpo dos intérpretes, o lugar escénico onde transita o espectáculo e as esculturas sonoras, reproducen un imaxinario estético e sonoro no público que se enfrenta a unha paisaxe chea de efectos e sensacións que fan do observador un partícipe da obra.

CORPS SONORE utiliza o espazo escénico como metáfora do contexto, lugares urbáns, rurais, interactuar co medio de forma directa, os artistas dialogan co entorno e posteriormente crean a obra.

Así nace unha transformación a través dunha experiencia que dá valor á comunicación de pensamentos, un diálogo en moitas direccións, paisaxe, arquitectura, música e danza.

En Corps Sonores traballan artistas da danza (Erick Jiménez e Maruxa Salas) e artistas da música e da escultura (Will Menter, Françoise Melville e Jane Norbury).

**Corps sonore é un espectáculo de 60 minutos aproximadamente.**

**Tras o espectáculo, os espectadores poderán recorrer o espacio intervido e tocar e experimentar as esculturas sonoras.**

**O equipo realizará un diálogo co público ao rematar a función.**

## **A danza contemporánea**

Cando vemos un espectáculo de danza contemporánea as parellas que se forman para bailar non teñen por que ser unicamente de home e muller. A diferenza doutros estilos de danza, as mulleres poden elevar ou cargar cos homes.

Non existe un rol sexista neste tipo de danza, todos poden facer todo.

O chan é un espazo de traballo fundamental que, a diferenza dalgúns estilos de danza, é moi usado na danza contemporánea.

A música non é indispensable para este tipo de danza, mesmo podemos ver que os bailaríns non teñen por que seguila exactamente. Aos bailaríns cómprelles ser moi polifacéticos porque igual teñen que cantar, actuar recitando un texto, facer mimo ou moverse con diferentes estilos. A preparación é moi dura e esixente.

O coreógrafo non ten por que predeterminar todo os movementos que han facer os bailaríns, pode traballar tamén con improvisacións para utilizar despois movementos ou características dos intérpretes.

En moitas pezas de danza contemporánea podes atopar aspectos semellantes co teatro, porque igual recitan algún texto ou hai diálogos entre os bailaríns; este é un



recurso moi actual na danza.

O corpo pode moverse de formas moi diferentes ás que estás afeito/a a ver tradicionalmente; un pé pode moverse coma se fose unha man para elevar unha persoa que está no chan. Calquera parte do corpo é importante na exploración do movemento. Calquera tipo de movemento pode ser usado por un coreógrafo para a súa composición; poden ser movementos cotiáns como comer un bocadillo, regar..., ou poden ser movementos propios de calquera estilo de danza: danza de rúa, danza tradicional... Pode ser que vexas equilibrios ou movementos que che resulten familiares por telos feito en educación física.

O uso da música pode ser moi diferente ao longo dunha peza de danza contemporánea, non tes que esperar que sexa sempre igual. Moitas veces incluso se baila sen música ou usando sons realizados polos propios bailaríns.

Todas as artes teñen cabida, os audiovisuais, a pintura, a escultura... poden formar parte importante nunha peza de danza contemporánea.

### **Land Art**

É unha corrente da arte contemporánea na que a paisaxe e a obra de arte están estreitamente enlazadas. Utiliza a natureza como material (madeira, terra, pedras, area, vento, lume, auga...) para investir en si mesma. A obra xenerada é a partir do lugar onde se realiza polo que, se se realiza en dous entornos diferentes, o resultado final será distinto ao utilizar os materiais existentes en cada un deles.

### **Site specific**

En inglés, sitio concreto. É unha técnica a través da cal os creadores e creadoras propoñen unha obra de arte nun lugar concreto. Normalmente o lugar escóllese con anterioridade e posteriormente o artista estrutura, planifica e crea a obra nese lugar.



### **Escultura sonora**

É unha forma de arte intermedia na que unha escultura ou calquer obxecto produce son (música, efectos de son, sons da natureza, ...). A cimática e a arte cinética influiron na escultura sonora.

### **Ver e divertirse coa danza**

Non necesitas ter coñecementos previos para divertirte nun espectáculo de danza, porque é unha linguaxe que todo o mundo pode entender. Lembra que “o público” é unha parte importante da produción.

Cando vemos unha función de danza en directo recibimos información a través de todos os sentidos, cos ollos, os oídos e incluso pola pel e os músculos.

Debes estar coa mente aberta, esquecerte doutros pensamentos e deixarte envolver polo espectáculo.

Cando as luces se apagan é o momento de se relaxar no asento e gozar da aventura. A danza non ten por que contarnos necesariamente unha historia lineal coma un libro, polo que é preciso que vaías disposto a SENTIR, PENSAR, IMAXINAR e DIVERTIRTE.

Esta é a maxia da danza, cada un pode atopar diferentes cousas interesantes e sentir de maneira distinta ante o mesmo espectáculo.

Os artistas traballaron moito para poder ofrecerche o que vas ver, polo que é importante que prestes atención e que permanezas en silencio, xa que os ruídos poden facerlle perder a concentración aos/ás intérpretes.

Para poder gozar do espectáculo:

- Chega puntual ao teatro para que poidas acomodarte e estar preparado/a para a función. Visita o baño, se o precisas, antes de que comece, xa que durante o espectáculo non deberías molestar o resto de persoas.
- Ver danza non é como ir ao cine e non podes levar bebidas nin comida ao teatro.
- Non se permite sacar fotos nin gravar durante o espectáculo, xa que as obras teñen dereitos de autor/a e ademais os flashes poden distraer os intérpretes.
- O móbil ten que estar apagado durante o tempo que dura a función. Asegúrate de que o teu está totalmente desconectado.
- Os intérpretes traballaron duro, así que o aplauso final é unha forma de dicirlles que aprecias o seu traballo; tamén podes aplaudir noutros momentos se hai algo que che gusta particularmente.

Ao rematar o espectáculo

Ao rematar a función podes compartir libremente con outros compañeiros e compañeiras os teus pensamentos, sentimentos ou opinións sobre os diferentes

momentos do espectáculo. De certo que cada un terá visións distintas e outras comúns.

Pódenche axudar a pensar no espectáculo as seguintes preguntas:

- Foi divertido? Foi triste? Como te sentes agora mesmo?
- Que foi o que máis e o que menos che gustou?
- Ver esta peza tróuxoche algún recordo? Fíxoche imaxinar cousas?
- Gustaríache facer algo neste momento relacionado coa arte: bailar, pintar, escribir?
- Puidiches identificar algúns símbolos da cultura tradicional galega ao longo da función?
- Gustouche a música? Que é o que máis che gustou da música?
- Que che parece a mestura de diferentes artes nun mesmo espectáculo?
- Que é o que lembras con maior presenza?
- O espectáculo foi unha experiencia positiva para ti?

### **Que é a danza?**

A danza é unha linguaxe universal. O coreógrafo fala a través dos movementos e dos xestos do corpo dos bailaríns e bailarinas, cóntanos historias, expresa emocións e crea imaxes.

Esta arte permítenos sintetizar e transmitir as nosas ideas ou sentimentos sobre a vida a través do corpo. É un medio para aprender sobre nós mesmos e sobre o noso mundo. A danza é unha forma única de comunicación, xa que transmite dunha forma diferente ás palabras. É unha linguaxe universal, porque persoas de diferentes partes do mundo poden apreciar, emocionarse ou entender sen necesidade de palabras.

Existen moitos tipos e estilos de danza distintos, dende as danzas tribais á danza disco, dende o hip hop nunha rúa até o ballet clásico nun teatro.

Dentro incluso da danza contemporánea existen diferentes técnicas e estilos: danza aérea, técnica release, danza de contacto improvisación, técnica Graham, etc.

A danza é un medio marabilloso de expresión e gozo para calquera persoa de calquera idade. Pero, que é para ti a danza? Cantos estilos diferentes coñeces?

### **Breve Historia da Danza**

A danza forma parte da historia da humanidade. Todos os pobos do mundo teñen a danza como unha manifestación cultural máis. Dependendo do país ou da zona da que falemos atopamos diferentes tipos de danzas.

Tras o nacemento do ballet no século XV en Italia, a danza clásica foi unha manifestación artística de gran relevancia durante moitos anos que pasou por diferentes épocas. Unha delas foi a dos "ballets románticos", que durou aproximadamente desde 1831 até 1845. Os principais temas dos ballets románticos eran o exotismo, o irracional, o máis alá e o perigo. Baseándose en mitoloxías como a grega ou a nórdica (incorporando seres como os elfos ou os trolls).

Aos públicos de mediados do século XIX fascinábanos as pantasma e os espíritos.

A impresión causada polo sobrenatural viuse reforzada polo desenvolvemento do traballo de puntas que, combinado con saltos lixeiros, movementos etéreos e o vestuario, creaba nas bailarinas unha ilusión de ingravidez. O primeiro gran ballet romántico foi A Sífide, estreada na Ópera de París en 1832.

No século XIX, xorden diferentes bailarinas que consideran que este estilo de danza é moi ríxido e que non lles permite expresarse como lles gustaría.

As pioneiras e pioneiros desta nova forma de entender a danza fuxían do vestuario clásico do ballet e bailaban descalzos, as súas coreografías representaban elementos da natureza e o corpo movíase de xeito máis libre. Concedíanlles máis importancia ao torso e a outras partes do corpo que no ballet clásico tiñan un papel secundario, xa que para a danza clásica a postura erguida é moi importante.

Unha das máis famosas pioneiras da danza moderna foi Isadora Duncan (1878-1927), coñecida polas súas improvisacións con música clásica de Chopin e Beethoven. Outros pioneiros importantes son Loie Fuller, Ruth Saint Denis e Ted Shawn, así como os seus discípulos, que foron dando lugar a diferentes estilos de danza.

Na actualidade hai moitos tipos de danza contemporánea e diferentes técnicas; pode ser que vaías ver dous espectáculos de danza contemporánea e sexan moi diferentes.



## **Vocabulario de danza**

### **Coreografía**

Conxunto de movementos e xestos que, estruturados, forman unha composición de danza. Pode ser unha coreografía que conte unha historia ou pode ser que se resalte a manipulación do movemento pero non se queira contar historia ningunha.

### **Coreógrafo/a**

Persoa que crea novos movementos e os diseña para crear danzas. Na danza contemporánea non ten por que crear só elementos de danza, pode usar elementos do teatro, da vídeocreación, etc.

### **Danza clásica**

Danza que nace no século XV en Italia; inclúe un repertorio de pasos, posición e figuras codificados.

### **Espazo**

Un dos elementos do movemento. Dirección, nivel, tamaño, traxectorias... son os aspectos do espazo. A combinación destes elementos permítelles aos coreógrafos usar o espazo de diferentes formas.

### **Enerxía**

Un dos elementos do movemento; inicia o movemento ou causa modificacións nel, un pode moverse moi pesado, lixeiro, de forma continua, súbita, etc.

### **Expresión**

Unha maneira de falar, de transmitir ou contar algo: unha idea, sentimento, pensamento... Hai moitas formas de expresión: a música, a danza, a literatura, os audiovisuais, etc.

### **Frase**

A unidade máis sinxela dunha coreografía. Podemos entender que a coreografía é un texto e que está composta por frases. Cada letra da frase serían os diferentes movementos: salto, xiro, desprazamento, etc.

### **Tempo**

Un dos elementos do movemento. A alteración dos elementos do tempo permite cambios nas coreografías. Algúns deses elementos son: velocidade, acentos, silencios...

### **Xesto**

Un movemento do corpo ou parte do corpo que o bailarín ou bailarina fan con intención de expresar unha idea ou emoción, os xestos cotiáns ou os xestos abstractos son usados polos coreógrafos para crear coreografías.